

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI) PARA A EXECUCIÓN DAS FASES 4B E 5A DA CONSTRUCCIÓN DA NOVA SEDE, NO EXERCICIO 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2024. Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2024 sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír coa concesión directa dunha subvención ao financiamento por parte da Consellería de Política Social e Igualdade ao financiamento dos gastos derivados da execución dun proxecto consistente na execución da fase 4B e 5A da construción da nova sede da entidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención das persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da administración pública. COGAMI é unha entidade que presta servizos a máis de 15.000 persoas con discapacidade en toda Galicia e que hai en Galicia 184.444 persoas con discapacidade física atopándose gran parte delas na franxa de idade entre os 16 e os 64 anos, grupo de persoas ao que van dirixidos a maioría dos servizos de COGAMI, demóstrase a necesidade de que a organización dispoña de infraestruturas e equipamento adecuado para poder prestar uns servizos de adecuados enfocados á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

